CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLUB "CAMPUS UNIVERSITARIO DE OURENSE RUGBY CLUB" E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA DO RUGBY

En Vigo, á data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro e publicados no DOG nº 38 do 22 de febreiro do 2019, e con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

E doutra parte don José Luis Rey Moreira, con NIF 44445427C, en calidade de presidente do Campus Universitario de Ourense Rugby Club (C.I.F G32320996 e inscrito co número C05611 no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia) con enderezo a efectos de notificacións en rúa Doutor Temes Fernández, 34 baixo C.P. 32004 (Ourense).

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o artigo 2 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece como un dos seus fins "o fomento do desenvolvemento sustentable, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado"

SEGUNDO.- Que o artigo 73 dos Estatutos recoñece a práctica deportiva como parte da formación do estudantado, e que debe ser garantida pola Universidade e insta a mesma á colaborar con outras entidades deportivas para que desenvolvan a súa actividade no seo da Universidade.

TERCEIRO.- Que o Campus Universitario de Ourense Rugby Club é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos impulsar actividades que contribúan ao fomento do rugby como medio de desenvolvemento integral da poboación de Ourense e da súa contorna.

CUARTO.- Que as dúas institucións manteñen unha relación de colaboración na promoción do rugby entre a comunidade universitaria e a poboación da contorna dende o ano 2006 con resultados amplamente satisfactorios para ámbalas dúas partes.

Asinado na data e na hora 09/01/2026 09:17 por ***2398** MANUEL JOAQUÍN REIGOSA (R: ***5000**)
Reitor/a

Por isto, acordan subscribir este Convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio consiste en regular a colaboración entre a Universidade de Vigo e o Campus Universitario de Ourense Rugby Club para a promoción do rugby entre a comunidade universitaria e poboación da contorna dos campus.

SEGUNDA.– Programa de actividades

Para acadar o propósito deste convenio ambas entidades desenvolverán de xeito conxunto o seguinte tipo de actividades:

a) Participación nas competicións federadas de rugby de equipos con presenza de persoas da comunidade universitaria.
b) Organización de escolas deportivas, cursos de iniciación e competicións universitarias internas de rugby.
c) Organización das seleccións universitarias de rugby en colaboración tamén con outros clubs e coa Federación Galega de Rugby.
d) Desenvolvemento de actividades de apoio e promoción do rugby entre a poboación pre-universitaria da contorna que contribúan a incrementar o coñecemento da Universidade por parte deste colectivo así como a mellorar a medio prazo o rendemento das seleccións universitarias desta modalidade deportiva.

TERCEIRA.– Compromisos do Campus Universitario de Ourense Rugby Club

O Campus Universitario de Ourense Rugby Club asumirá a dirección técnica dos proxectos e actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio, segundo a súa propia metodoloxía e por medio do seu propio persoal. Este persoal en ningún caso adquirirá relación laboral coa Universidade de Vigo.

O Campus Universitario de Ourense Rugby Club tamén achegará o material especifico necesario para o desenvolvemento das actividades propias do rugby.

CUARTA.– Compromisos da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo facilitará o uso das súas instalacións deportivas para o desenvolvemento das actividades incluídas na cláusula segunda deste convenio, gozando dunha bonificación do 100 % dos prezos públicos vixentes ata un máximo de 15.000 € anuais.

Asinado na data e na hora 09/01/2026 09:17 por ***2398** MANUEL JOAQUÍN REIGOSA (R: ***5000**)
Reitor/a

As actividades desenvolvidas non poderán levar aparellada utilidade económica ningunha agás que as condicións ou contrapartidas recibidas polas persoas beneficiarias anulen ou fagan esta irrelevante. Ademais, os custes indirectos extraordinarios que se ocasionen no desenvolvemento das actividades (limpeza, seguridade, danos derivados dun uso inadecuado, IVE,...) deberán ser asumidos integramente polo Campus Universitario de Ourense Rugby Club.

O Campus Universitario de Ourense Rugby Club remitiralle á Universidade ao inicio de cada curso académico a solicitude de horarios de utilización así como a lista de persoas autorizadas para acceder a estas. A aprobación dos usos solicitados será determinada pola Área de Benestar, Saúde e Deporte en función da dispoñibilidade existente en relación co resto das actividades programadas e de conformidade co disposto nas normativas e regulamentos da Universidade de Vigo.

Esta programación inicial de horarios poderá ser modificada puntualmente e de mutuo acordo ao longo da temporada sempre e cando sexa comunicada a outra parte cunha antelación mínima dunha semana.

Calquera acción adicional ao uso do espazo, como poida ser a colocación de publicidade, pancartas, catering, mesas, expositores, carpas, sistemas de megafonía/luminotecnia, etc, deberá indicarse na solicitude de uso e precisará da aprobación previa e por escrito da Xerencia da Universidade.

A sinatura deste convenio non suporá a asunción doutros compromisos económicos por parte da Universidade mais alá dos custes ordinarios nos que se poida incorrer pola posta a disposición das instalacións deportivas universitarias para o desenvolvemento das actividades organizadas ao abeiro deste convenio.

QUINTA.- Subvención de proxectos específicos

A Universidade de Vigo poderá establecer anualmente as subvencións que considere oportunas para sufragar algún dos proxectos específicos de promoción do rugby organizados ao abeiro deste convenio. O proceso de adxudicación destas subvencións deberá cinguirse ao establecido na lei 9/2007 de subvencións de Galicia e regularase a través do seu convenio específico ou, de ser o caso, da convocatoria que corresponda.

SEXTA.- Difusión e publicidade

Ambas entidades darán toda a difusión posible (publicacións en prensa, redes sociais, web, etc) ás actividades desenvoltas ao abeiro deste convenio co obxectivo de acadar a máxima visibilidade entre a comunidade universitaria e a poboación da contorna.

Nestas labores de difusión, o Campus Universitario de Ourense Rugby Club daralle prioridade ao uso do idioma galego e á linguaxe inclusiva. En todo caso, as súas actuacións haberán de ser acordes coa imaxe e os valores da Universidade de Vigo.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo daralle toda a difusión posible aos proxectos subvencionados co obxectivo de garantir á máxima participación neles da comunidade universitaria.

SÉTIMA.- Seguros

O Campus Universitario de Ourense Rugby Club deberá ter concertado, en vigor e ao corrente do pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, como a asistencia sanitaria das persoas participantes nos eventos e actividades incluídas na cláusula segunda deste convenio e nos termos contemplados no artigo 22 da mesma lei e modificado pola Lei 13/2015 do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu capítulo VI.

Ademais, o persoal (directivo, técnico, voluntario, etc...) do Campus Universitario de Ourense Rugby Club que realice o seu labor nos espazos e instalacións universitarias deberá estar asegurado contra accidentes por parte da dita entidade quedando a Universidade de Vigo libre de calquera responsabilidade polos accidentes ou enfermidades que puideran sufrir estas persoas no recinto universitario ou polo uso dos seus equipos.

OITAVA.- Cláusula de protección de datos persoais

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD) e as normas de desenvolvemento que a cada parte lles resulten aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPD. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Asinado na data e na hora 09/01/2026 09:17 por ***2398** MANUEL JOAQUÍN REIGOSA (R: ***5000**)
Reitor/a

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPD, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa de transparencia e acceso á información pública aplicable á Universidade de Vigo e, de ser o caso, á outra parte.

NOVENA.- Control da execución do convenio

Para o control da execución do presente convenio establécese unha comisión paritaria de seguimento, composta por unha banda, por un representante nomeado pola Vicerreitoría con competencias en Extensión Universitaria e, por outra, polo/a presidente/a do Campus Universitario de Ourense Rugby Club ou persoa en quen delegue.

Esta comisión reunirase polo menos unha vez ao ano durante toda a vixencia do convenio e expedirase acta dos temas tratados en cada unha delas.

DÉCIMA.- Vixencia, prórroga e resolución do convenio

Este convenio empezará a producir os seus efectos dende a sinatura do mesmo e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, antes do remate do prazo previsto e se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prorroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicionais establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

Asinado na data e na hora 09/01/2026 09:17 por ***2398** MANUEL JOAQUÍN REIGOSA (R: ***5000**)
Reitor/a

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza administrativa do convenio

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola Comisión Mixta Paritaria, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. As que non poidan ser resoltas na comisión, someteranse á xurisdición contencioso administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade, asínase electronicamente o presente convenio.

Pola Universidade de Vigo

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger

Polo Campus Univ. de Ourense Rugby Club

O Presidente
Jose Luís Rey Moreira

44445427C JOSE LUIS REY (R: G32320996)

Firmado digitalmente por 44445427C JOSE LUIS REY (R: G32320996)
Fecha: 2025.12.03 16:48:21 +01'00'

Asinado na data e na hora 09/01/2026 09:17 por ***2398** MANUEL JOAQUÍN REIGOSA (R: ***5000**)
Reitor/a